

# Circular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para as mesas electorais, en relación co proceso electoral do ano 2022 para as xuntas de persoal docente non universitario no ámbito da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

## 1.- INTRODUCCIÓN

O 27/06/2022 as organizacións sindicais Confederación Intersindical Galega (CIG), Comisións Obreiras (CCOO), Asociación Nacional de Profesorado Estatal (ANPE-FSES), Unión Xeral de Traballadores (UGT-SP), Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galicia (STEG) e Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSIF), comunican a esta Consellería o Acordo entre as citadas organizacións para establecer o calendario de celebración de eleccións sindicais para as xuntas de persoal docente non universitario no ámbito da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. O 29/08/2022 presentan a comunicación formal de realización das eleccións.

O inicio do proceso electoral fíxase para o día 30/09/2022, sendo a data prevista para a votación o 01/12/2022.

Esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos estima conveniente informar aos integrantes da mesas electorais sobre diferentes aspectos relacionados co proceso electoral e, en especial, co día da votación, sen prexuízo das directrices emanadas desde a correspondente Mesa Coordinadora provincial no exercicio das súas funcións.

## 2.- A CONSTITUCIÓN DA MESAS

### 2.1.- TIPOS DE MESAS

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos  
Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)



Existen dous tipos de mesas, A MESA COORDINADORA PROVINCIAL, unha en cada provincia, e as MESAS ELECTORAIS PARCIAIS, que se constitúen nos centros de traballo que se determinen, de acordo cos criterios establecidos polos promotores do proceso electoral, de conformidade co artigo 9 do Regulamento de eleccións ós órganos de representación de persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado (aprobado polo Decreto 1846/1994, do 9 de setembro; publicado no BOE do 13/09/1994).

1º) As **mesas electorais parciais** limitan ás súas funcións a presidir e vixiar a celebración das súas votacións respectivas, respectando a confidencialidade do voto e a provisión de papeletas durante toda a xornada electoral, a levantar acta de escrutinio dos resultados da votación en cada un dos seus ámbitos parciais e a remitir tal acta á Mesa Electoral Coordinadora, para os efectos de que esta poida refundir todo os datos subministrados e proclamar os resultados globais da unidade electoral.

2º) A **Mesa Electoral Coordinadora Provincial** que, á parte das súas funcións como mesa ordinaria no momento da votación e escrutinio, asume atribucións tales como proclamar os resultados globais, a de harmonizar o funcionamento de todas as mesas existentes no seu ámbito (provincia) e a de decidir sobre materias que afecten á totalidade da unidade electoral e que, polo tanto, non poidan ser resoltas adecuadamente por un conxunto inarticulado de mesas electorais parciais.

## 2.2.- CONSTITUCIÓN INICIAL DAS MESAS ELECTORAIS PARCIAIS O DÍA 03/10/2022

Os compoñentes das mesas electorais parciais serán convocados polas Xefaturas Territoriais para que se constitúan como tales órganos electorais ás 13 h do día **03/10/2022**. A Mesa Coordinadora Provincial constituirase ás 12 h do 30/09/2022.

O día da constitución poderán presentarse perante a mesa de votación as/os apoderadas/os das diferentes candidaturas, quen poderán asistir a aquela e participar nas súas deliberacións con voz pero sen voto. Os ditos apoderados, presentarán credencial (na que figurarán o seu nome e DNI) outorgada polas organizacións sindicais correspondentes que acreditará a representación.

Durante a constitución da Mesa cubrirase a pertinente acta, segundo o modelo normalizado. O orixinal desa acta deberá ser enviada á Mesa Coordinadora Provincial, que se constitúe e actúa nas dependencias da Xefatura Territorial desta Consellería de cada provincia. Ese mesmo día 03/10/2022 deberase adiantar unha copia desa acta de constitución á respectiva Mesa Coordinadora Provincial vía correo electrónico (escaneada).

## 2.3.- CONSTITUCIÓN DAS MESAS NO DÍA DA VOTACIÓN

As Mesas Electorais Parciais volverán a constituírse para a fase de votación o **01/12/2022** ás **10:45 h**.



Nese momento deberán estar presentes non só as persoas que se constituíron como mesa o 03/10/2022, senón todas as persoas que teñan unha designación vixente como titulares ou como suplentes dunha mesa determinada.

Durante toda o período de votación deberán estar presentes, cando menos, dúas persoas.

### 3.- O ACTO DA VOTACIÓN

#### 3.1. INFORMACIÓN XERAL

A votación terá lugar na mesa que corresponda a cada elector.

O **horario** de votación será de **11:00 a 14:30** e de **16:30 a 18:30**. Dende que se constitúa a Mesa ata o seu escrutinio, será función das Mesas Electorais a garda e custodia das urnas

O voto será libre, secreto, persoal e directo, depositándose en urnas pechadas os sobres coas papeletas, que en tamaño, cor, impresión e calidade de papel serán de iguais características en cada unidade electoral.

Para os efectos de constituír a mesa para o acto da votación, quen exerza a presidencia da mesa convocará a **todas as persoas designadas titulares e suplentes da súa mesa**. Os membros suplentes serán convocados co fin de que poidan substituír ós membros titulares, se estes por calquera motivo non comparecesen á hora fixada para o inicio da sesión.

O día da votación poderán presentarse perante a mesa de votación **as/os apoderadas/os** das diferentes candidaturas, quen poderán asistir á aquela, participar nas súas deliberacións con voz pero sen voto, e examinar as operacións de voto e de escrutinio. Os ditos apoderados, se non o fixeron antes, presentarán credencial (na que figurarán o seu nome e DNI) que acreditará a representación outorgada polas organizacións sindicais correspondentes ou polos representantes das candidaturas.

#### 3.2. ANTES DA VOTACIÓN

Durante o tempo previo ao inicio do período de votación e ao longo do proceso electoral a mesa comprobará que todos os elementos para un correcto desenvolvemento do sufraxio están dispostos de forma suficiente, asegurándose para iso das seguintes cuestións:

- Que o local para a votación dispón de **fácil acceso e adecuada sinalización da mesa**, reunindo as condicións de idoneidade necesarias.
- Que a mesa dispón de **urna precintada** e en perfectas condicións de uso. (Se no centro educativo non se dispón dela, pódese solicitar ó Concello)



- Que o local de votación dispón dunha mesa con **número suficiente de sobres e papeletas** de cada candidatura, axustadas ao modelo oficial.
- Que a **lista de electores** correspondente á mesa está **exposta no local de votación**, onde deberá quedar durante toda a xornada, para que poida ser examinada por cantos electores o desexen.
- Que os electores poden **exercer o** seu dereito ao **voto** de maneira **confidencial**.

### 3.3. DURANTE A VOTACIÓN

#### 3.3.1.- Votación por comparecencia

Unha vez que a persoa que exerza a presidencia abra a votación e a medida que os electores vaian comparecendo para depositar o voto, faranse os **seguintes trámites** sucesivos con respecto a cada votante:

- a) Comprobación da **identidade do/a elector/a**, mediante o exame do DNI, pasaporte, permiso de conducir ou tarxeta de identificación con fotografía expedida pola Administración.
- b) Comprobación da **súa inclusión na lista de electores** da mesa, para o cal os seus membros, as/os apoderadas/os de candidaturas e o/a representante da administración (se o houber) dispoñerán de cadansúa copia da lista definitiva de electores da mesa concreta na que se estea votando. Se non se está na lista de electores, non se pode votar.
- c) Introducción do **sobre na urna**: o/a elector/a deberá entregarlle o sobre pechado á presidencia da mesa, quen o depositará na urna.
- d) **Anotación de que o/a elector/a** exerceu o seu dereito ó voto: a continuación anotarase na lista de electores que a/o funcionaria/o votante exerceu tal dereito.

Durante o desenvolvemento do acto da votación, a mesa expedirá a cantos electores o soliciten un **xustificante acreditativo** do seu exercicio do voto ou, se é o caso, da imposibilidade de facelo pola causa que fose.

#### 3.3.2.- Votación por correo

A votación por correo realizarase consonte a normativa electoral vixente, especialmente consonte co artigo 19 da norma regulamentaria aprobada polo Real decreto 1846/1994.

**Finalizado o período para a votación** dos electores que comparecesen fisicamente, quen exerza a presidencia da mesa abrirá os sobres que conteñen o **voto por correo**, identificará o/a elector/a, comprobará que tal elector/a non votou persoalmente, introducirá cada sobre pechado na urna electoral, declarará expresamente que votou, e tomarase nota finalmente na lista de electores de que exerceu por correo o seu dereito.



### 3.3.3.- Votación dos membros da Mesa

Os últimos en exercer o seu dereito ao voto serán os membros da Mesa e as/os apoderados/as, se for o caso.

## 3.4. O ESCRUTINIO

### 3.4.1. O inicio de escrutinio

O reconto de votos iniciárase unha vez rematada a votación (nunca antes das 18.30 h), tendo presente o previsto nos artigos 20, 21 e 22 do Regulamento aprobado polo Real decreto 1846/1994. O escrutinio será público, léndose en voz alta as papeletas.

No caso de que o 100% dos electores asignados á mesa teñan comparecido para exercer o dereito ao voto, pódese pechar a mesa, pero os membros deben **custodiar** a urna ata o momento do escrutinio. Urna que en **ningún caso** será aberta antes das 18:30 h.

### 3.4.2. O reconto de votos

- ✓ Deberán coincidir o total de votos co número de votantes.
- ✓ Enténdese por **papeletas cubertas**: os votos á candidatura.
- ✓ Os **votos válidos** son os votos á candidaturas e os votos en branco.
- ✓ Enténdese por **votos nulos**: papeletas ilexibles, papeletas con tachaduras, papeletas sen sobre, sobres con máis dunha candidatura, alteracións e manipulacións das papeletas, sobres ou papeletas distintas das oficiais ( Art. 21 do R/D 09-09-94)
- ✓ Enténdese por **votos en branco**: os sobres sen papeleta ou sobres con papel en branco.
- ✓ Os votos nulos e os impugnados non se poden romper xa que **TEÑEN QUE ENVIARSE Á MESA COORDINADORA PROVINCIAL XUNTO COA ACTA DE ESCRUTINIO.**

Finalizado o reconto, chamarase o máis urxentemente posible para comunicar os datos provisionais do escrutinio á Mesa Coordinadora Provincial (válidos só o día da votación).

### 3.4.3. Rexistro do escrutinio

A Mesa Electoral Parcial **cubrirá a acta** do escrutinio correspondente, segundo o modelo normalizado.

### 3.4.4. Remisión da acta

A Mesa Electoral *Parcial*, o mesmo día da votación, **remitirá á MESA COORDINADORA PROVINCIAL** copia da acta de votación por correo electrónico, ou no seu defecto por teléfono, despois do peche do escrutinio.



Os números de teléfonos e direccións de correo electrónico serán os seguintes:

### MESA COORDINADORA PROVINCIAL DA CORUÑA

Núm. de teléfono: 981-184-762

Enderezo de correo electrónico: mesacoord.coruna@edu.xunta.es

Enderezo postal:

<<Mesa Coordinadora Provincial da Coruña  
Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, FP e Univ.  
r/ Vicente Ferrer, Núm. 2 - 7º  
15008 A Coruña>>

### MESA COORDINADORA PROVINCIAL DE LUGO

Núm. de teléfono: 982-294-153

Enderezo de correo electrónico: mesacoord.lugo@edu.xunta.es

Enderezo postal:

<<Mesa Coordinadora Provincial de Lugo  
Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, FP e Univ.  
Ronda da Muralla, Núm. 70  
27071 Lugo>>

### MESA COORDINADORA PROVINCIAL DE OURENSE

Núm. de teléfono: 988-687-712

Enderezo de correo electrónico: mesacoord.ourense@edu.xunta.es

Enderezo postal:

<<Mesa Coordinadora Provincial de Ourense  
Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, FP e Univ.  
Rúa Concello, Núm. 11  
32003 Ourense>>

### MESA COORDINADORA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Núm. de teléfono: 986-805-949

Enderezo de correo electrónico: mesacoord.pontevedra@edu.xunta.es

Enderezo postal:

<<Mesa Coordinadora Provincial de Pontevedra  
Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, FP e Univ.  
Avda. Mª Victoria Moreno, 43, 7º  
36003 Pontevedra>>

Ademais de remitir copia da acta escaneada por correo electrónicos, débese entregar os **orixinais** das actas de votación á MESA COORDINADORA, **antes das 14 horas do día 02/12/2022**, ben mediante comparecencia física perante a Mesa Coordinadora ou ben remitíndoa por correo certificado urxente (con xustificante de recepción). As Mesas Coordinadoras Provinciais están situadas nas sedes das Xefaturas Territoriais da Consellería.





Se non se ten mandada a acta de constitución da Mesa Electoral do día 03/10/2022 se xuntará á acta de escrutinio no mesmo sobre. Tamén se enviarán á Mesa Coordinadora Provincial os votos nulos e os impugnados.

## 4.- PERMISOS E MEDIOS

### 4.1.- PERMISOS

En relación co sistema de permisos durante o proceso electoral dos membros das mesas electorais, interventores, apoderadas/os e electores en xeral, haberá que ter en conta o que dispón a Orde do 20 de setembro de 2022 (de próxima publicación no DOG). A parte dispositiva desta Orde ten o seguinte contido

*<<Primeiro. As persoas designadas titulares e suplentes das mesas electorais terán dereito a permisos polo tempo indispensable para asistir ás xuntanzas para a constitución da mesa electoral. Así mesmo, quen forme parte dunha mesa electoral durante día da votación disporán dun permiso retribuído de xornada completa ese día e a unha redución de cinco horas na súa xornada de traballo do día inmediatamente posterior.*

*Segundo. Os membros das mesas coordinadoras provinciais terán permiso retribuído para exercer as súas funcións como tales durante o proceso electoral, desde o 30/09/2022 ao 22/12/2022, ambos incluídos.*

*Terceiro. Os apoderados e interventores que designen as candidaturas, se é o caso, terán permiso durante todo o día da votación.*

*Cuarto. Os electores en xeral terán permiso polo tempo indispensable para exercer o seu dereito ao voto, as direccións dos centros poderán esixir un xustificante do acto da votación expedido pola mesa electoral concreta na que vote, cando estea situada fóra do seu centro de traballo>>.*

Pola complexidade do proceso electoral, os membros das Mesas Coordinadoras Provinciais terán permiso durante todo o proceso electoral. A cobertura das substitucións que poidan xerar estes permisos xestionarase directamente desde a Subdirección Xeral de Recursos Humanos.

### 4.2.- MEDIOS DO CENTRO A DISPOSICIÓN DA MESA ELECTORAL

As direccións dos centros públicos facilitarán o uso polas Mesas electorais de votación dos medios existentes nos centros que sexan necesarios para o funcionamento da Mesa:



fotocopias, teléfono, urna, local para xuntarse, ordenador con acceso a internet, impresora, cabina de votación ou biombos...

Se nalgún centro non existise urna, a mesma deberá solicitarse (con antelación suficiente) ao Concello correspondente

Os equipos directivos deberán facilitar en todo momento o desenvolvemento do proceso electoral, tanto na constitución das mesas, como na exposición de listados, na publicidade das circulares da administración, etcétera. Así mesmo deberán entregar a quen exerza a presidencia da mesa toda a documentación remitida desde a Administración ou desde a Mesa Coordinadora correspondente. Os centros deben asumir, de ser o caso, os gastos de envío de documentación que as mesas parciais teñan que remitir á Mesa Coordinadora.

Corresponde ás mesas electorais, coa cooperación da dirección dos centros, garantir o exercicio confidencial do dereito ao voto, de tal xeito que durante a xornada electoral o elector poida escoller as papeletas de votación nun contorno que impida a visión por terceiros da súa elección, ben por medio dunha cabina ou mediante a utilización de biombos, ou, no seu defecto, nunha habitación próxima a onde estea a mesa electoral e a urna. As mesas electorais deberán asegurarse que durante toda a xornada electoral estean dispoñibles sobres e papeletas de todas as candidaturas.

Así mesmo, arbitraranse as medidas necesarias para que a xornada de votación se desenvolva con toda normalidade, facilitando a máxima participación do profesorado, procurando a interferencia mínima no normal desenvolvemento da actividade educativa e, en todo caso, garantindo o funcionamento ordinario do centro.

## 5.- INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

### 5.1. NORMATIVA APLICABLE

- Estatuto básico do empregado público, cuxo texto refundido foi aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, publicado no BOE do 31 de outubro.
- Lei 2/20,15, do 29 de marzo, do emprego público de Galicia.
- Lei 9/1987, do 12 de xuño, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ó servizo das administracións públicas (publicada no BOE do 17 de xuño de 1987); especialmente hai que ter en conta a modificación realizada na mesma pola **Lei 18/1994, do 30 de xuño** (publicada no BOE nº 156, do 1 de xullo).
- **Regulamento de eleccións aos órganos de representación de persoal ao servizo da Administración xeral do Estado** (aprobado polo Decreto 1846/1994, do 9 de setembro; publicado no BOE nº 219 do 13 de setembro).







## 5.2.- INFORMACIÓN ADICIONAL

Poderase atopar información adicional sobre este proceso electoral, incluída a normativa básico sobre o proceso e os modelos normalizados que deben utilizar as mesas electorais parciais, en <http://www.edu.xunta.gal/portal/eleccionssindicais>.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela,  
O director xeral de Centros e Recursos Humanos  
Jesús Manuel Álvarez Bértolo

